

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº132/ Ano: 2026 / 2º xornal Mes de agosto/ Estado de Festa Patronal en Ons

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



ESPECIAL FESTAS ILLA DE ONS

2026



FESTAS PATRONAIS EN ONS EN HONOR A SAN XAQUÍN 2026 (I)

John Balan, actuando no turreiro de Canexol. 1965



OS POLÍTICOS NON COÑECEN A HISTORIA DE ONS

Teño ben claro que os políticos xestores do Parque non coñecen a historia de Ons.

A só que lean o pouco que hai escrito sobre a cultura auniense (Pouco hai, pois non se encargan de apoiala e patrocinar a súa investigación) comprobarían que, dende sempre, a **música estivo presente en Ons** e non digamos nos días das súas **Festas Patronais**.

Ons tivo grupo con gaita, bombo e pratos. Importante as pandeireteiras. As cantigas populares. As mulleres cantareiras con estrofas inventadas, regueifas,..., ao son das pandeiretas nas fin de semana e nas festas, non só as patronais, senón nas do calendario festivo auniense (Matanza, Nadal, Entroido, Maíos,...). E un longo etc. musical.

As **Festas na honra a San Xaquín**, celebrábanse por toda a Illa, aínda que a xuntanza xeral e a **verbena**, era no turreiro de Canexol (Detrás da Casa Agrícola flanqueado por dous enormes piornos), onde non faltaban

actuacións de grupos musicais vidos do continente (*En Portonovo cantan cando foron a actuar os "Alcar", nome que saíu das profesións dos seus compoñentes <Albaneis e carpinteiros> que, cando xa levaban máis de cinco horas actuando, dixeron de rematar xa, ao que os aunienses contestaron: - Descansar un pouco, pero, se queredes cobrar, aquí na Illa tócase ata que saia o sol.*)

Tamén é interesante a actuación do grupo que lideraba, como cantor, **John Balan**, fotografado no turreiro de Canexol por Staffant Mörling. O propio Staffant e a súa dona Chefa, contáronme que sempre houbo **música de orquestra** nas festas da Illa, agás que por circunstancias da meteoroloxía non puidera achegarse algún barco ao peirao para traelos, substituíndoos polas pandeiretas e cantareiras.

Eu cheguei no ano 1975 e podo asegurar que todos os agostos houbo festa e verbena, con grupos musicais con alt falantes con bo volume, no barrio de Curro e non por iso se veu afectada a fauna terrestre na illa, pois ata a década de 1980, eran importantes as colonias de gaivota, cormorán, perdices, coellos, grallas, pombas,..., e pequenos paxaros. Despois, outras circunstancias alleas á música, as decimaron en bo número.

QUE NON NOS CONTEN CONTOS, para disimular meteduras de zoca ou posibles problemas internos.



Aínda recordo os comentarios dos veciños por traer a este grupo, Astarot, Dicián que todo ía ser ruído. Pero aí está a diferenza cos políticos, sabían onde ían actuar, e como bos profesionais, souberon adaptar a súa música ao ritmo galego, ao lugar e aos seus habitantes. A bo entendedor..., que saque conclusións.

A QUE VEU A PROHIBICIÓN DA VERBENA EN ONS

Que eu recorde, dende 1975, sempre houbo verbena en Ons, como mínimo, o sábado anterior ao día grande de San Xaquín. Houbo anos de orquestras o venres, sábado e o domingo ata a saída do último barco.

Ata hai poucos anos, utilizábase como turreiro o patio interior das instalacións do Centro Cívico (Anterior fábrica de salga) e as orquestras empregaban boa megafonía, só hai que recordar a actuación do grupo de Rock galego "**Astarot**" que cuns bos alt falantes, fixo vibrar aos aunienses pero, que eu saiba, non houbo unha **emigración masiva** de fauna por iso, e os veciños quedaron encantados.

Habería que poñer un medidor de decibelios en Curro a horas punta de calquera mañá de agosto, o balbordo é enorme e, sen embargo, as gaivotas acoden, en boa cantidade, na procura de comida e, ata aniñan nos tellados dos negocios e das instalacións de M. Ambiente dese lugar. Pero, sempre ten que haber alguén que dea a nota, non precisamente musical, e cando en Galicia, as festas patronais é un signo de identidade do noso pobo con fogos, misa, procesión, gaiteiros, atraccións, gastronomía,..., e **verbena**, vén algún político iluminado da Consellería de M. Ambiente e prohíbe a verbena en Ons, debido a unha mala normativa no arquipélago e que utilizan cando queren, e a súa incompetencia e falla de diálogo non lle dá para pensar, que en calquera lugar de Galicia, a megafonía, en ocasións puntuais (día de festa patronal) é aceptada por todos. Tan difícil é de entender?

E, ante todo hai unha palabra, **DIÁLOGO**, antes de levar a cabo algunha acción que vai traer polémica, pero hai **Partidos Políticos** que diso non entenden.

FESTAS PATRONAIS EN ONS EN HONOR A SAN XAQUÍN 2026 (II)

Despois de todas as problemáticas sufridas dun xeito incomprensible para os aunienses e comprobando como o Grupo de Goberno do Concello de Bueu, e mesmo os membros da Oposición, uníronse á petición veciñal e de miles de persoas, que non entendían unha **Festa Patronal** en Galicia **sen verbena**, por fin os políticos que, incongruentemente a prohibiron, recuaron e deron permiso para celebrala.

Non houbo ningún tipo de problema, a Comisión cumpriu co acordado e xa dende o sábado pola tarde, unha das charangas actuou polo barrio de Curro (onde se atopa o turreiro) e os bares, animando o inicio das Festas en honra a San Xaquín.

Porei un grupo de fotografía cun pequeno texto explicándoas.



A charanga “**Amigos e Colores**”, xa dende a mañá do sábado, animou a festa. Tomás, estaba encargado de levalos ao lugar de actuación para que todo fose perfecto.



Xa pola tarde-noite tocou a quenda do grupo “**De Cañas**”, que puxo a bailar a veciños e visitantes que pasaban na Illa a noite. Foi unha actuación espectacular, con todo tipo de cancións que mantivo unha animación como poucas veces, nos últimos anos, se veu en Ons.

De seguido, xa un pouco máis técnico, actuou o DJ “**Oscar**”, que tamén soubo engaiolar aos veciños.

Á hora acordada remataron, as luces se mantiveron un tempo acendidas para que dera tempo ao desmonte e logo, iniciouse unha primeira recollida de lixo, que non era moito, e os/as **Alfombristas de Cela**, con lanternas, comezaron a preparar unha **Alfombra de Flores** diante da entrada da igrexa. Todo un espectáculo de música e arte.

SUXESTIÓN SOBRE O LIXO NO ESPAZO DA VERBENA

Polo xeral os participantes no baile, ao ser ao aire libre, soen levar bebida, normalmente en vasos de plástico, e mentres bailan se hidratan e deixan os vasos co líquido apoiados no lugar que consideren.

A música en Ons, un día especial de Festa, se permite a utilización de altafalantes e, non estaría de máis que o Parque, só esa noite como algo puntual, puxera en lugares estratéxicos, un par de contedores para que os danzantes depositaran alí os vasos e demais lixo ao rematar. A propia Comisión de Festas ou mesmo os músicos, informarían e pedirían aos participantes a utilización deses contedores. Sen risco a equivocarme o lixo fóra do contedor reduciríase a un 10%

FESTAS PATRONAIS EN ONS EN HONOR A SAN XAQUÍN 2026 (III)



Á esquerda, *Imaxe para o Recordo*, así era a animación cultural a principios da década de 1970.
Á dereita así é a animación musical a mediados da década de 2020



As/os alfombristas do grupo “Costumes de Cela” por primeira vez, coido, na historia das Festas da Illa, elaboraron unha *Alfombra de Flores*, no adro da igrexa, mesmo diante da porta.
Estiveron traballando de noite, despois da verbena, con luces de lanternas, como poden ver nas dúas fotos de arriba.

A alfombra representa a un auniense vogando a bordo dunha Dorna. O nome da dorna é “**Ons**” e na liña laranxa e letras en branco podemos, ler a frase: “**NON É UNHA ILLA, É UN SENTIMENTO**”.

Tan grave é bailar ao son da música e facer unha representación artista deste xeito, para prohibilo?

FESTAS PATRONAIS EN ONS EN HONOR A SAN XAQUÍN 2026 (IV)



DOMINGO 23, DÍA PRINCIPAL DA FESTA EN ONS

Aínda que xa dende as 11 da mañá a charanga, os gaiteiros e os mariachis xa estaban animando aos veciños e visitantes, ás 12 tivo lugar, como nos últimos anos, a **Ofrenda no Cemiterio de Ons**.

Alí atopábanse a Presidenta veciñal, o Párroco de Bueu-Beluso-Ons e a poetisa Miriam Ferradáns.

Quero destacar aquí as palabras de **Miriam**, dirixidas aos aunienses e que reflicten o seu sentir e o dos que nos sentimos como eles:

“Ao noso redor, baixo os nosos pés, descansan illáns e illás que habitaron este lugar noutros momentos da historia. Para moitos de vós son os vosos pais e nais, avós e avoas, irmáns, parellas, fillos e veciños.

Reunirnos aquí para realizar esta ofrenda é especial e diferente. Estamos nun lugar de convivencia case máxico: a liña imaxinaria que une os corpos dos vivos coas cinzas dos mortos.

Hai unha palabra antiga que explica moi ben o que significa estar hoxe aquí: ese termo é comunidade. A comunidade non é só aquilo que temos en común; é, sobre todo, canto nos debemos uns aos outros e o que nos permite estar xuntos, xusto onde estamos.



A historia da Illa de Ons posúe unha beleza severa: a que nace da obriga de sobrevivir. Disto, a xente da Illa sabedes moito: o mesmo mar que nos dá tamén nos quita.

Sinto, sempre que penso no voso cemiterio, o moito que vos respecto. De vós aprendín o significado máis puro de honrar a quen merece honra; de facelo con tesón, a pesar de todo e por riba de todos.

Buscade, pero poucas declaracións de amor cara a unha terra atoparedes máis definitivas e vinculantes ca escollela como lugar no que han descansar as persoas que queremos.

Este cemiterio é a expresión máis radical dese vínculo. Ninguén deixa os seus mortos nun lugar que non ama e respecta. Vós amades, respectades e defendedes a Illa. Porque tedes moi claro quen sodes.

Hoxe é San Xaquín, día de encontro e de festa. E ten algo de profundamente humano que, antes de celebrar cos vivos, nos acheguemos aos que xa non están.

Moitas das cousas que hoxe celebramos chegaron ata nós porque outros as celebraron antes; e a alegría, cando atravesa as xeracións, convértese nunha forma de gratitude.

QUE NON O ESQUEZA NINGUÉN: DEFENDEDES A ALEGRÍA QUE VÓS TRANSMITIRON OS VOSOS ANTEPASADOS

E, como dicía o poeta, a alegría hai que defendela coma unha trincheira:

*defendela do escándalo e da rutina
da miseria e dos miserables.*

A memoria pídenos avanzar sen romper o fío. Por iso, estas flores non falan só da morte: falan da continuidade.

Dinlles aos vosos mortos que ESTEAN TRANQUILOS, porque aquilo polo que traballaron, aquilo que ergueron cos súa forza e aquilo que amaron continúa a ter quen o coide e quen o ame.

Oxalá saibamos estar á altura desa herdanza, coa intelixencia necesaria para comprendela e coa tenrura precisa para non estragala.

Porque unha illa pódese protexer con leis, normas e límites; pero unha comunidade necesita, ademais, algo que ningunha norma pode substituír: persoas que se senten atravesadas por ela.

Os veciños e as veciñas da Illa sodes o verdadeiro patrimonio diferencial, a riqueza viva, a arteria principal deste corazón rochoso.

A Illa sodes vós: que ninguén vos dispute esa autenticidade.

QUE NINGUÉN APAGUE ESE LUME QUE EN VÓS ALAMPEA.

Sen vós, Ons é un decorado, un territorio ermo, escuro. SEN VIDA. Así que vaia esta ofrenda por todos os que foron. Por todos os que son. E por todos os que virán.

Viva San Xaquín!

Viva a memoria dos vosos mortos!

Viva Ons!

E vivades por sempre VÓS!”



Fotos: De arriba-abaixo

- **Cartel das Festas 2026**

- **No cemiterio, diante da Capela. Miriam Ferradáns se dirixe aos presentes. A súa dereita, Josecho, cura de Bueu-Beluso, á súa esquerda, María, Presidenta veciñal.**

- **Veciños e autoridades municipais.**

FESTAS PATRONAIS EN ONS EN HONOR A SAN XAQUÍN 2026 (V)

Rematou a ofrenda aos antepasados aunienses no cemiterio e a comitiva dirixiuse a Curro para comezar o acto da **Homenaxe aos Fareiros**. Esta homenaxe ía celebrarse hai un ano, pero tanto veciños como fareiros decidiron esperar a este 2026 en que se cumpren 100 anos dende a última remodelación do Faro.



O primeiro en ser homenaxeado foi **Gerardo**, o último Fareiro de Ons, recolleu os agasallos en nome de todos os seus compañeiros.



Os segundos homenaxeados foron o peón do Faro, **Ramiro** e a súa dona **Aurita**. Recolleu o agasallo o seu fillo Pepe de Miro.



O terceiro homenaxeado foi **Jose María Seguí**. Fareiro, xa falecido, moi querido que axudou moito aos veciños e casou cunha auniense. Recolleu o agasallo o seu cuñado.



De seguido a misa. A Igrexa estaba perfectamente preparada e todas as imaxes tiñan o seu ramo de flores. Os veciños, a carón das ofrendas, agradeceron tamén aos santos aunienses a súa axuda para que estas Festas se puideran celebrar ao completo. O párroco, Josecho, tamén aportou o seu gran de area.

FESTAS PATRONAIS EN ONS EN HONOR A SAN XAQUÍN 2026 (VI)



Despois do desacougo e o amago de choiva, o Sol fixo a súa aparición e puido celebrarse a procesión que, como todos os anos, fixo a visita ao peirao.



A música non parou en todo o día e o barrio de Curro e os clientes dos restaurantes puideron gozar da boa música que ofreceron o grupo de gaiteiros **SERRADELA**, os **MARIACHIS** e a charanga os **IMPERIALES**. Serradela contou, nunha das pezas, co Gran Tinón ao bombo.



FESTAS PATRONAIS EN ONS EN HONOR A SAN XAQUÍN 2026 (VII)



REMATADO O ESPECIAL “FESTAS DE ONS” UNS PEQUENOS COMENTARIOS PARA O PRÓXIMO NÚMERO


No seguinte Onstopus, xa no mes de setembro, falaremos de temáticas relacionadas con asuntos interesantes da nosa Illa.



Especial “Obras en Curro




Novos fallos no subministro eléctrico a finais de agosto.



Protección das rodeiras de cara ao inverno



Sobre a visita dos aunienses á Festa da Lanzada.



Do penoso estado do treito do camiño que vai dende Chan da Pólvora ata a mesma entrada do Faro.



Interesantes Actividades no Parque Nacional

O meu agradecemento por varias fotos da Festa a: As. de Veciños, Adrián Ferrer, Suso Maquieira, Carlos Patiño, Tomás, E a Miriam Ferradáns polo texto da Ofrenda.